




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Ares. Parroquia: San Xosé de Ares; agás a esquina noroeste, onde aparece San Pedro de Cervás. Extensión: 1,36km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade acantilada e de escasa profundidade continental con paredes abruptas, potentes e moi dinámicas, e teitos aplanados. Existe así un contraste de planos visuais.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio da "Serie de Ordes", composto por materiais metamórficos, xistos e cuarzoquistos, de idade precámbrico-silúrico. Existe unha banda de anfibolita antehercínica en Santa Mariña e de xistos filíticos nas puntas Centeás e Sardiñeiro.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Sector de dominio climático Cálido e Subhúmido: as temperaturas son suaves con valores medios anuais que non baixan de 15°C e a amplitude térmica rolda os 13°C. As precipitacións medias oscilan entre un mínimo de 1000mm e un máximo de 1200mm ao ano.

#### OS SOLOS

Unidade estreita, acantilada de teito aplanado na que se desenvolven unicamente solos tipo cambisol eútrico.


#### AS AUGAS

Unidade acantilada carente de rede fluvial significativa, tan só con pequenas valgas de escasa prolongación continental que desaugan na masa de Augas Costeiras da Ría de Ares e Betanzos (20096).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Costa acantilada na que se desenvolve ben o hábitat 1230, de cantís con vexetación das costas atlánticas. Tamén se desenvolve o hábitat 1210, "Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados". Este adquire mención especial pola existencia de plataformas rochosas intermareais e praias de pé acantilado procedente do marcado retroceso diferencial da costa, sobre todo entre o Praia da Barrosa e o porto de Ares. Unha mínima franxa moi próxima aos cantís desenvolve un mato costeiro bastante degradado (potencialmente hábitats 4030 e 4040). No interior aparecen algunhas pequenas masas de frondosas procedentes de carballeiras e soutos costeiros, 9230-9260.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

A utilización predominante do solo corresponde ao uso agrícola, en pequenas parcelas regulares practicamente chairas que se organizan en franxas paralelas á liña de costa. Na parte máis setentrional da unidade o relevo adquire unha lixeira pendente, que fai que as parcelas se vaian adaptando ao terreo. No extremo sur, onde aparecen certos fenómenos de urbanización, combínase o uso agrícola coa aparición de pastos ata o límite da cabeceira dos cantís. No resto da unidade, a primeira franxa duns cen metros desde a costa atópase recuberta por vexetación atlántica costeira.

#### MORFOLOXÍA

A única unidade de poboación tradicional que existe nesta paisaxe é o pequeno asentamento de Maiobre, situado a uns seiscentos metros terra adentro situado entre as súas terras de cultivo e aproximadamente a uns 60 metros sobre o nivel do mar. Non experimentou practicamente ningún crecemento, agás algunhas operacións interiores de colmatación. Sen embargo, apoiado na estrada que atravesa o devandito asentamento xérase na parte occidental un crecemento desconectado do núcleo, formado por vivendas unifamiliares illadas. O extremo sur tamén experimenta este crecemento de tipoloxías de residencia unifamiliar illada, apoiadas na estrutura tradicional agrícola e conectadas por unha vía de comunicación.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Paralela á costa atravesa a unidade unha estrada que se apoia nun camiño tradicional agrícola que partía do sur do núcleo de Ares, e que na parte sur coincide en certa medida co límite interior da unidade. Atravesa a paisaxe de noroeste a sueste, e continúa cara ao norte desembocando na C-0402 (Ares-Chanteiro).

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Nesta unidade non se rexistraron elementos patrimoniais.



**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

A paisaxe caracterízase pola forte presenza que teñen os cantís na unidade. Trátase de paredes abruptas, potentes e que lle confiren personalidade ao conxunto. Sobre eles, unha plataforma cunha lixeirísima pendente aproximadamente a 50 metros sobre o nivel do mar, que aínda mantén os vestixios do que no seu tempo foi un territorio cunha actividade agrícola relativamente intensa.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

O trazo máis característico desta unidade son as escasas modificacións no territorio consecuencia da actividade antrópica. A paisaxe estivo no seu momento traballada case na súa totalidade, pero as actividades agrícolas se foron abandonando e substituíndo por superficies forestais ou praderías. Así, recuperouse a vexetación atlántica costeira sobre os cantís, onde antes se estendían as parcelas de cultivo ata a mesma liña do litoral. Noutros puntos, sen embargo, esta actividade agrícola foi substituída por usos residenciais.


**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

A fronte litoral presenta uns especiais valores de excelencia ambiental, ecolóxica e paisaxística. As paredes rochosas que conforman a fronte litoral son formacións dunha enorme capacidade expresiva, que fixeron que o conxunto que forman a Illa e a Punta de Miranda sexan considerados como Espazo de Interese Xeomorfolóxico. A unidade paisaxística ábrese á Ría de Ares e confórmase como un miradoiro natural sobre as costas de Oleiros e Sada, ao tempo que permite unha lectura homoxénea e continua das súas propias características paisaxísticas. Neste sentido Punta Miranda preséntase como un punto de observación representativo desa potencialidade visual de acceso ás panorámicas mencionadas.





## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29





